




OROSO É UN CONCELLO DE RÍOS.
ATRAVESAN A NOSA TERRA CHEOS DE AUGA.
O SEU SON É A NOSA FALA.

NESTE DÍA TAN ESPECIAL
22 DE MARZO, DÍA MUNDIAL DA AUGA.

QUEREMOS CELEBRALO RECORDANDO
UN POEMA DO NOSO BEN AMADO
MANUEL MARÍA.

TITÚLASE O RÍO.



O RÍO PASA CORRENDO,
NON SE PARA CON NINGUÉN.
O RÍO CANTA PRAS COUSAS
E CANTA PARA MIN TAMÉN.






O RÍO CANTA PRAS ALBRES

PAXAREIRAS DA RIBEIRA!


O RÍO CANTA PROS PRADOS

E PRAS NUBES VIAXEIRAS!



A TODOS DI SEU CANTAR
CON ESCURO E CRARO SON.

A TODOS DI SEU CANTAR
ANQUE LLE ESCOITEN OU NON!



NON LLE PREGUNTES Ó RÍO
A ONDE VAI, DE ONDE VÉN.
O RÍO PASA CORRENDO!
O RÍO NON SE ENTRETÉN!





O RÍO PASA CORRENDO
NUNCA DEIXA DE PASAR.
VAI DECINDO A SÚA CANCIÓN
E NON SE PODE PARAR!

ESTE POEMA FOI INTERPRETADO POLO GRAN
SUSO VAAMONDE.

PODEDES ESCOITAR O POEMA EN:

